

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Arquivo AGADIC / Begoña Bah (foto de portada)

D.L.: C-826-06

O CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO ESTREA 'ETHERIA, A VIAXE SOÑADA' BAIXO A DIRECCIÓN DE MERCEDES SUÁREZ

DOCE BAILARÍNS E BAILARINAS INTERPRETAN A CUARTA PRODUCCIÓN PROPIA DA UNIDADE PARA O FOMENTO DA DANZA DA AGADIC

A POSTA EN ESCENA CONTA COA INTERPRETACIÓN EN DIRECTO DA MÚSICA COMPOSTA POR ISAAC GARABATOS E A COLABORACIÓN ESPECIAL DE ROSA CEDRÓN

A VIAXE DA QUE PUIDO SER A PRIMEIRA PEREGRINA GALEGA SERVE DE BASE ARGUMENTAL Á PEZA

O Centro Coreográfico Galego (CCG) estrea *Etheria, a viaxe soñada* esta fin de semana (sábado 3 e domingo 4 de xullo ás 21.30 horas) no Teatro Rosalía Castro da Coruña. O novo espectáculo, que pasa a ser a cuarta produción propia da unidade de danza da Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais) da Consellería de Cultura e Turismo, está dirixida pola coreógrafa coruñesa Mercedes Suárez e amosa unha particular visión do mundo das peregrinacións a través da recreación da historia da muller que puido ser a primeira peregrina galega.

SUMARIO

- [1-5] AGADIC
 - [4] > Centro Coreográfico Galego
- [4-5] > Centro Dramático Galego
- [5] > Escola de Altos Estudos Musicais
- [6] ALERTA!
- [8] E_SCENA EN CIFRAS

O CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO ESTREA 'ETHERIA, A VIAXE SOÑADA' BAIXO A DIRECCIÓN DE MERCEDES SUÁREZ

A montaxe parte dunha sólida base histórica, o que non impide á directora introducir no seu desenvolvemento elementos anacrónicos

.....
vén da páx. anterior

Etheria, a viaxe soñada combina a interpretación de 12 bailaríns e bailarinas de distintas procedencias xeográficas e disciplinas coas colaboracións artísticas de destacados profesionais galegos. Tal é o caso da música especialmente composta para a ocasión por Isaac Garabatos e executada en directo polos oito membros do grupo multiinstrumental ISGA Collective, a participación en escena da vocalista Rosa Cedrón como artista invitada, así como o traballo de Antonio F. Simón nos deseños de escenografía e iluminación ou de Marcos Garabán no de vestuario.

Historia e actualidade

A montaxe parte, na súa xénese, dunha sólida base histórica, cargada de documentadas alusións a coñecidas figuras da antigüidade galega, o que non impide á súa directora e coreógrafa, Mercedes Suárez, introducir no seu desenvolvemento elementos anacrónicos, reivindicando así o espírito universal e atemporal das grandes viaxes ao longo da historia da humanidade e da mitoloxía. Todas estas viaxes teñen en común, na súa orixe, ser froito dunha chamada no interior das persoas, dunha necesidade espiritual que se satisfai a través do avance nun camiño.

Así, Mercedes Suárez é quen de deseñar unha peza audaz e dinámica pola súa capacidade de combinar, de xeito tan equilibrado como fluído, as representacións da historia milenaria con elementos da máis cotiá actualidade, a simboloxía clásica cos patróns máis contemporáneos.



FOTO: BEGOÑA BAH

A bailarina Irene Rubio interpreta por medio da danza todas as dimensións de *Etheria*: a súa crenza no movemento priscilianista, a súa procedencia nobre, o seu forte carácter e a súa instruída formación. Todo o corpo de baile (que completan Ariel Caramés, Miguel Ángel Ponte, Elena Chamorro, Fátima Fernández, Beatriz Garrido, Ástrid Molinero, Lucía Antonella Sampieri, Pablo Aradillas, Juan Miguel Hernández, Pastor Rodríguez e Carlos Ugarriza) leva a cabo unha actuación que une plasticidade, precisión e sentimento en secuencias coreográficas de gran forza, tanto nas escenas corais coma nos *pas de deux* que se executan.

A montaxe audiovisual que se proxecta no fondo dun escenario –que aparece practicamente limpo para a súa total entrega ao baile– contribúe de xeito decisivo á construción da paisaxe de imaxes e localizacións que evoca o argumento e que traslada o espectador ás distintas latitudes xeográficas que visita *Etheria*.

Impulso interior

A acción sitúase na viaxe de volta de Oriente Medio a Gallaecia da protagonista. *Etheria* sinte o impulso interior de emprender unha viaxe ao exterior, empurrada pola súa ousadía e polas



FOTO: BEGOÑA BAH

súas conviccións na fe e nas máximas de Prisciliano, personaxe que se adivina na trama. Á vez, Prisciliano protéxela no seu periplo das tentacións terrenais, sempre personificadas na figura simbólica do sátiro, coa que se fai un aceno ás relacións humanas establecidas na peregrinación e que transcenden o seu espírito relixioso.

Diante de *Etheria* ábrese no camiño un mundo descoñecido e heteroxéneo; do mesmo xeito que diante do público se materializa unha nova proposta coreográfica que suma á cualidade da montaxe artística a reprodución de motivacións actuais e universais.

AXUDAS

A AGADIC ADXUDICA MÁIS DE 240.000 EUROS EN AXUDAS Á DISTRIBUCIÓN EXTERIOR DE 40 EMPRESAS CULTURAIS GALEGAS

Un total de 40 empresas galegas resultaron beneficiarias da primeira resolución das axudas á distribución exterior de bens e servizos culturais galegos, convocadas pola Agadíc no marco das súas subvencións 2010 ás industrias culturais. Nesta primeira adxudicación aprobouse a concesión dun total de 240.848,18 euros, á espera de que a finais de outubro remate o prazo de presentación de solicitudes en dúas das tres categorías correspondentes a este apartado (distribución exterior de espectáculos escénicos e musicais e asistencia a feiras e mercados culturais).

Desta contía global, 129.107,23 euros diríxense a 46 iniciativas de exhibición de espectáculos galegos de teatro, danza e música en diferentes escenarios españois e internacionais (Arxentina, Hungría, Illa de Man, México...), mentres que outros 63.715,24 € destínanse ás funcións exteriores de nove compañías galegas contratadas durante a celebración da pasada edición da Feira Galega das Artes Escénicas. Por último, un total de 14 editoriais, produtoras e distribuidoras de espectáculos e galerías de arte son as adxudicatarias dos 48.025,71 euros restantes para a súa asistencia a diferentes feiras e mercados culturais europeos e americanos.



NOVO CIRCO

O PROGRAMA CREATIVA PATROCINA O I FORO CLOWN DA ESTRADA

O programa CREATIVA, que promoven conxuntamente a Agadíc e a Dirección Regional de Cultura do Norte de Portugal, patrocina o I Foro Clown Galicia-Portugal, que se celebra o 9 de xullo na Estrada como evento previo e paralelo

ao Festival Rock & Clown. Esta primeira edición do foro estenderase ao longo de toda a xornada con presentacións de iniciativas, relatorios, proxeccións audiovisuais e os espectáculos que se exhibirán no transcurso da *Gala de clown galego-portuguesa*.

O Teatro Principal acollerá as actividades de mañá, que darán comezo ás 10.00 horas coa presentación da nova escola de circo para mozos que Pista

DRAMATURXIA

UN TOTAL DE 50 OBRAS OPTAN ESTE ANO AOS PREMIOS DE LITERATURA DRAMÁTICA DA AGADIC

Un total de 50 orixinais optan aos tres premios literarios no eido dramático convocados pola Axencia Galega das Industrias Culturais: XIX Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais, V Manuel María de Literatura Dramática Infantil e VIII Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques (modalidades de público infantil e adulto). O xurado, que comparten os tres galardóns, dará a coñecer o seu ditame o 18 de outubro, no transcurso do acto inaugural da nova edición da Feira Galega das Artes Escénicas.

O premio Álvaro Cunqueiro, o de máis longa traxectoria de todo os que se convocan no seu ámbito en Galicia, concentra o maior número de obras recibidas, cun total de 30, seguido do Manuel María (10) e do Barriga Verde (7 na modalidade de textos para público infantil e 3 na de público adulto).

Para tomar a súa decisión, o xurado valorará aspectos que teñen que ver coa calidade literaria e dramática, a viabilidade escénica, a especificidade de cada premio e o coidado da lingua. Cada un dos galardóns e modalidades conta cunha dotación económica de 6.000 euros, ademais de contemplar a posibilidade de que as obras sexan publicadas dentro das coleccións dramáticas que a Agadíc coedita con distintas empresas galegas.



Catro porá en marcha este verán no concello da Estrada. A continuación, terán lugar tres relatorios a cargo do clown portugués Pedro Correia, dos integrantes da compañía lusa Circolando e do galego Iván Prado, director do Festiclown, Magiclown e FiraMágica, para falar das súas respectivas experiencias artísticas e profesionais no ámbito do circo. Esta primeira parte do programa pecharase coa proxección do documental *Mashi: trasi que trasi!*, realizado polo Colectivo Pallasos en Rebeldía, e a presentación de Festiclown Palestina 2010.

Xa pola noite, o escenario do I Foro Clown trasladarase á praza da Constitución, onde a partir das 22.00 horas celebrarase unha gala na que participarán catro formacións de ambos lados da fronteira: as galegas Peter Punk, coa primeira posta en escena do seu novo espectáculo antes da súa estrea no Festiclown 2010, e Duelirium, cos seus números aéreos; e as portuguesas Circolando, con *Charanga*, e Pedro Correia, con *E-se*.

+ info en www.creativacultural.com/
www.rockandclown.aestrada.com

ESCENA

A AGADIC APOIA A PRESENZA PORTUGUESA NA MOSTRA DE TEATRO DE RIBADAVIA A TRAVÉS DE CREATIVA

A Axencia Galega das Industrias Culturais colabora coa XXVI Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia co obxectivo de promover as actividades que tenden pontes entre as escenas galega e portuguesa, para o que se conta co patrocinio do proxecto CREATIVA por un importe de 20.000 euros. A Mostra de Ribadavia incorpórase así a este programa cultural transfronteirizo, que a entidade da Consellería de Cultura e Turismo desenvolve xunto coa Dirección Regional de Cultura do Norte de Portugal, no marco do que tamén se apoiaron outras iniciativas como o concerto *Cores do*

Circolando



Atlántico, as pasadas edicións do Festival de Cans e do Play-Doc de Tui ou o Festival Rock & Clown da Estrada.

A programación desta vixésimos sexta edición da MIT, que se desenvolve do 16 ao 24 de xullo, contará con destacadas compañías portuguesas de teatro de rúa –PIA (Proyectos de Intervención Artística) e Circolando–, apostando ademais polo intercambio de experiencias no ámbito do teatro amador e da animación teatral: xunto coa exposición conmemorativa do aniversario de Fegateia (Federación Galega de Teatro Aficionado) e o acto de homenaxe ao grupo Ditea polos seus 50 anos de traxectoria, a Mostra de Ribadavia acollerá un encontro con João Pedro Vaz, responsable da iniciativa portuguesa Comédias do Minho e do proxecto Buxiganga, da Deputación de Lugo.

Neste mesmo marco de intercambio, presentárase a primeira coprodución da MIT de Ribadavia cunha compañía galega –*Na meta. Sálvese quen poida*, por Ónfalo Teatro– e exhibírase *Shakespeare para ignorantes*, de Mofa e Befá, espectáculo asinado por Quico Cadaval, director galego ben coñecido pola audiencia portuguesa.

+ info en

www.creativacultural.com/
www.mitribadavia.com

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO [CCG]

A CORUÑA SERÁ UNHA DAS CINCO SEDES DO PROGRAMA FORMATIVO 'TOUR DE EUROPA DE COREÓGRAFOS'

A Coruña será unha das cinco sedes das actividades do programa formativo "Tour de Europa de Coreógrafos", proxecto de cooperación inserido no programa europeo de aprendizaxe permanente Leonardo da Vinci e do que o Centro Coreográfico Galego forma parte xunto con outras catro estruturas de apoio á danza.

O Centre de Développement Chorégraphique de Grenoble (Francia), o Lubelski Teatr Tanca de Lublin (Polonia), a asociación Dance Ireland de Dublín (Irlanda) e o Kampnagel Tanzplan de Hamburgo (Alemaña) tamén integran esta iniciativa, que ten como prioridade a creación e desenvolvemento dun plan innovador de formación que responda ás necesidades dos novos coreógrafos. Así, un total de dez artistas –dous por cada país– beneficiaranse dun sistema pedagóxico que se baseará tanto nos aspectos artísticos da profesión de coreógrafo coma nos técnicos e administra-

tivos, ademais de facilitar a mobilidade e o intercambio dos participantes.

Durante a temporada 2010-2011, este grupo de creadores asistirá a cinco residencias formativas, que darán comezo en Grenoble do 12 ao 19 de setembro e finalizarán na Coruña do 27 de xuño ao 2 de xullo de 2011, despois de pasar por Lublin (4-12 novembro), Hamburgo (23-30 xaneiro) e Dublín (8-15 maio).

En cada unha destas estadias, as entidades socias do programa organizarán diferentes talleres, seminarios, visitas e encontros. Como complemento formativo, cada un dos coreógrafos participantes contará co apoio dun mentor, que será o seu titor persoal durante todo o proceso de aprendizaxe.

+ info en

www.centrocoreografico.org

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO [CDG]

SETE PROFESIONAIS DE DISTINTAS ÁREAS DA CULTURA CONFORMAN O NOVO CONSELLO ASESOR DO CDG

Sete profesionais procedentes de distintas áreas do sector cultural galego configurarán o novo Consello Asesor do Centro Dramático Galego (CDG), órgano de consulta, debate e asesoramento cara ao desenvolvemento do plan de actividades da compañía pública.

Gerardo Pereira Menaut, catedrático de Historia Antiga da Universidade de Santiago de Compostela; Marcelino de Santiago "Kukas", artista plástico e titiriteiro; Roberto Taboada, programador cultural do Concello de Ferrol; Carlos Neira, director da Escola de Teatro "Espacio Aberto" de Santiago de Compostela; Ana Vallés, directora teatral e do Festival

En Pé de Pedra; Alfonso Pato, xornalista e director do Festival de Cans; e Xan Cejudo, director teatral e actor de teatro, cine e televisión, integrarán este consello segundo a proposta da directora do CDG, Blanca Cendán, que acaba de ser aprobada polo Consello de Dirección da Agadic.

A apertura deste órgano consultivo a outros ámbitos culturais, ademais do escénico, ten como obxectivo favorecer o proceso de produción e distribución do CDG, así como a actividade desenvolvida no Salón Teatro de Santiago, a través de achegas procedentes de diferentes perspectivas e experiencias profesionais.



Salón Teatro, sede do CDG

O SALÓN TEATRO PECHA TEMPORADA CON MÁIS DE 14.400 ESPECTADORES E 106 FUNCIONS DESENVOLVIDAS

O Salón Teatro, espazo escénico que xestiona o CDG, pechou a temporada 2009-2010 cun balance dun total de 14.442 espectadores que asistiron ás 106 funcións ofrecidas por 41 formacións artísticas. As actividades do programa Circo Europa foron as últimas programadas neste escenario, que se cederá durante o mes de xullo para acoller distintos concertos do Festival de Música Via Stellae e dúas funcións de *Etheria, a viaxe soñada*, do Centro Coreográfico Galego, e reabrirá as súas portas ao público no mes de setembro coa nova programación.

No tocante ao labor de produción propia, as 17 representacións desenvolvidas de *As actas escuras*, a obra de Roberto Vidal Bolaño dirixida por Xúlio Lago, foron vistas por 2.593 persoas.

Polo que atinxe á carteleira externa, o xénero teatral volveu ser o gran protagonista con 8.974 persoas que presenciaron algunha das 70 funcións que realizaron compañías tan emblemáticas como Teatro do Noroeste, Nut Teatro, Cía. Quique Peón, Sarabela Teatro, Teatre Lliure, Ao Cabo Teatro, Lagarta Lagarta, Teatro do Morcego, Teatro do Atlántico, Sala Muntaner, EME2 Emoción&Arte, Familie Flöz, Kamikaze Producciones, K Producciones, Leões de Circo, Voadora, Sapristi Teatro, O Retrete de Dorian Gray ou Doble Mandoble.

O teatro non profesional tamén tivo o seu oco co Festival Internacional de Teatro Universitario e coa Mostra de Teatro Universitario celebrados nos meses de abril e xuño respectivamente



e aos que acudiron 2.019 espectadores en 13 funcións. Outra iniciativa destacada foi a Mostra de Teatro Infantil de Nadal que tivo lugar no mes de decembro e que durante cinco días congregou un público familiar cifrado en 614 persoas, a meirande parte nenos e nenas.

Danza e música

A programación dedicada á danza ofreceu cinco funcións, seguidas por un total de 663 espectadores. Este apartado iniciábase a finais do mes de novembro con dous pases da peza *Dies Irae. En el Réquiem de Mozart*, a cargo da compañía de Marta Carrasco. Igualmente, Matarile Teatro ofrecía un ensaio aberto da súa produción *Cerrado por aburrimiento* e a compañía da coreógrafa catalá Àngels Margarit presentaba ao público infantil o espectáculo *Flexelf*. Ademais, a danza contemporánea africana chegaba ao Salón Teatro da man dos bailaríns Ciré Beyè e Auguste Ouedraogo ao abeiro do programa cultural África Vive.

No apartado de música, contabilizáronse 1.668 afeccionados nos 14

directos levados a cabo. O grupo norteamericano Woods clausurou en decembro a programación de 2009 da terceira edición da extensión en Santiago do Festival Sinsal. A continuación, os recitais da banda xaponesa de rock Mono, da argentina Juana Molina e da cantautora folk británica Vashti Bunyan compuxeron o cartel da cuarta edición dun dos certames musicais máis arriscados e innovadores de Galicia. Un total de 511 espectadores acudiron a estas novas citas coa música de vangarda.

Asemade, a Agadic puxo en marcha o programa de concertos "ST Música Presente", dirixido á promoción de traballos discográficos galegos de todos os estilos e que nesta primeira edición ofreceu as actuacións de Linho do Cuco, Anxo Lorenzo, Emilio Rúa, Álvaro Vieito Cuarteto, Ophiusa e Bellón-Maceiras Quinteto, seguidas por 660 persoas. Ademais, o Salón Teatro acolleu o espectáculo portugués *Casa de Fados. Em concerto*, inspirado no filme de Carlos Saura, así como as actuacións de Toni Zenet e Lorena Lores.

+ info en www.centrodramatico.org

ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS [EAEM]

O IX FESTIVAL DE CONTRABAIXO CONTARÁ CO MESTRE ITALIANO ALBERTO BOCCINI

Unha vintena de alumnos participará entre o 1 e o 5 de setembro no Festival de Contrabaixo "Ludwig Streicher" que organiza a Sección de Formación Permanente da Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM). A edición de 2010 contará coa participación especial do virtuoso italiano Alberto Boccini, que impartirá unha clase maxistral.

Ésta será a novena edición desta cita anual que mantén a EAEM de xeito ininterrompido desde 2001 con distintas actividades a cargo de profesores e intérpretes vinculados ao legado pedagóxico do contrabaixista austríaco Ludwig Streicher, docente durante anos da Escola Superior de Música Reina Sofía de Madrid.

Como nas anteriores convocatorias, o encontro combina o seu programa lectivo con distintas iniciativas paralelas abertas ao público xeral, entre as que destaca un relatorio sobre o contrabaixo e o jazz a cargo de Pablo Martín Caminero; e varios de concertos, tanto de alumnos coma de artistas convidados como Alberto Boccini ou Diego Zecharies.

A sede da Escola acollerá as clases individuais de repertorio solístico e as sesións de grupo, nas que se abordará repertorio orquestral, de música de cámara e de jazz.

O profesorado que traballará cos alumnos desta oitava edición está integrado por Alberto Boccini (ex contrabaixo principal nas orquestras do Teatro de La Scala de Milán, da Academia Nacional de Santa Cecilia, da Sinfónica de Londres e do Maggio Musicale Fiorentino), Carlos Méndez (contrabaixo principal da Real Filharmonía de Galicia e profesor da Escola de Altos Estudos Musicais), Damián Arenas (contrabaixo tutti da Orquestra Sinfónica de RTVE), Luis Naveda (ex solista da Orquestra da Comunidade de Madrid e axuda de solista da Orquestra Nacional de España) e Roberto Terrón (contrabaixo co-principal da Orquestra de RTVE e profesor no Conservatorio de Música de Toledo). Alfonso Morán (contrabaixo coprincipal da Real Filharmonía) e Pablo Martín (contrabaixo jazz, flamenco, experimental) impartirán as clases de jazz. Os pianistas Lorenzo de los Santos e Simona Velikova acompañaranos no desenvolvemento das clases.

+ info en www.eaem.es

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

Convocatorias	Contido	Dirixido a	Data límite
Centro Dramático Galego: selección de actores e actrices	Ábrese o prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso de selección de seis prazos de actores e actrices para a próxima produción do Centro Dramático Galego: <i>Salomé</i> , a partir da obra de Oscar Wilde. O director artístico deste espectáculo presidirá o tribunal das audicións, que se celebrarán en Santiago de Compostela do 26 ao 29 de xullo, en horario de mañá e tarde. Os candidatos que participarán nestas probas serán preseleccionados de entre todas as solicitudes recibidas atendendo a criterios de idoneidade dramática e experiencia profesional.	Seis actores e actrices para os seguintes perfís de personaxes: — 1 actor para Herodes. — 1 actriz para Salomé. — 1 actriz para Herodías. — 1 actor para Yokoanán — 2 actores ou actrices para outras personaxes. As bases da convocatoria, que inclúen o modelo de instancia para as solicitudes, pode descargarse nas páxinas web www.agadic.info e www.centrodramatico.org	13 xullo
Feira Galega das Artes Escénicas 2010. Inscrición de profesionais	Aberto o prazo de inscrición de profesionais para asistir á XVIII Feira Galega das Artes Escénicas, que se desenvolverá en Santiago de Compostela do 18 ao 21 de outubro. Este proceso realízase <i>on line</i> a través do apartado “Inscricións” da web www.feiradasartesscnicas.com .	Programadores, distribuidores, produtores, prensa especializada e outros axentes culturais. Máis información: www.feiradasartesscnicas.com	20 xullo
Subvencións da Agadic ao sector audiovisual 2010	Amortización dos custos de produción de longametraxes cinematográficas, telefilmes e documentais de interese cultural galego (DOG nº 66 de 9 de abril)	Persoas físicas ou xurídicas, constituídas como produtoras audiovisuais independentes con sede, sucursal ou oficina permanente en Galicia.	15 de setembro
Subvencións da Agadic ás industrias culturais 2010 (DOG nº 61 de 31 de marzo de 2009)	B. Crédito-Cultura	Empresas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de produtos ou servizos de consumo cultural, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia.	31 de outubro*
	D. Distribución D.1. Distribución exterior	Persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas ou musicais, con sede social ou establecemento permanente en Galicia.	31 de outubro**
	D.2. Asistencia a feiras e outras plataformas de distribución	Persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas á actividade de produción e distribución de bens ou servizos culturais, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia, para a asistencia a feiras ou mercados culturais.	31 de outubro***

* Un mes dende a formalización dos préstamos obxecto de subsidio e, en todo caso, con anterioridade ao 31 de outubro de 2010. Para os préstamos formalizados antes da publicación desta convocatoria, o prazo rematou o 30 de abril.

** Para os espectáculos distribuídos entre o 1 de novembro de 2009 e o 31 de marzo de 2010, o prazo finalizou o 30 de abril. No caso dos distribuídos entre o 1 de abril e o 31 de maio de 2010, o 31 de maio. Para o resto, o prazo finaliza o 31 de outubro.

*** Para as actividades realizadas entre o 1 de novembro de 2009 e o 31 de marzo de 2010, o prazo rematou o 30 de abril. No caso das realizadas entre o 1 de abril e o 31 de maio de 2010, o 31 de maio. Para o resto, o prazo finaliza o 31 de outubro.

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

Convocatorias	Contido	Dirixido a	Data límite
ESAD. Campus Internacional de Verán	Continúa aberto o prazo de inscrición para catro dos seis cursos inseridos neste programa de formación permanente organizado pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia na súa sede de Vigo: “O rito corporal no teatro. Danza para actores”, con Arnold Tarraborelli. Do 5 ao 9 de xullo, de 10.00 a 14.00 h. “Iluminación no teatro e na danza. Sólido, líquido, gaseoso”, con Baltasar Patiño. Do 5 ao 9 de xullo, de 16.00 a 20.00 h. Taller de teatro, con W. Staniewski (3 docentes). Do 12 ao 14 de xullo, de 11.00 a 14.00 e de 15.00 a 17.00 h. Curso de teatro Kathakali, coa Compañía Teatro Tascabile di Bergamo. Do 12 ao 15 xullo, de 17.00 a 21.00 h.	As prazas adxudicaránse atendendo ao currículo profesional achegado na solicitude ou a criterios específicos realizados polos docentes de cada curso. Máis información sobre o proceso de inscrición e matrícula: www.esadgalicia.com	Ata tres días antes do inicio do curso
Centro Coreográfico Galego. Taller de profesores	A coreógrafa e historiadora aragonesa Ana Abad impartirá do 13 ao 17 de setembro este curso, dividido en catro módulos: — Aproximación histórica ao repertorio actual. — Aproximación a cuestións estilísticas en danza. — A formación de coreógrafos. — O reto de educar profesionais da danza no século XXI. O taller complementarase con senllas conferencias para alumnos nos conservatorios profesionais de danza da Coruña e Lugo os días 15 e 16 de setembro, respectivamente.	25 prazas para profesores de danza. Máis información sobre a inscrición e matrícula: www.centrocoreografico.org	Do 16 agosto ao 10 de setembro

Outras convocatorias de interese:

- Deputación da Coruña: www.dicoruna.es/cultura/premios/
- Consorcio Audiovisual de Galicia: www.consorcioaudiovisualdeg Galicia.org
- Academia Galega do Audiovisual: www.academiagalegadoaudiovisual.com
- Instituto de la Cinematografía y de las Artes Visuales (ICAA): www.mcu.es/cine/SC/becasAyudasSubvenciones/index.html
- Redescena: www.redescena.net
- Programa Media da Comisión Europea: www.mediadeskspain.eu

REXISTRO DE DATOS
MARZO 2010
[E_SCENA
EN CIFRAS]

AGADIC

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Producións con distribución en curso

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT./FUN.	FACT./ FUNCIÓN
Santiago	<i>As actas escuras</i>	17	152,53	648,00 €
Narón	<i>As actas escuras</i>	2	129,00	766,40 €
O Barco de Valdeorras	<i>As actas escuras</i>	1	129,00	584,00 €
Tui	<i>As actas escuras</i>	1	280,00	1.521,00 €
Vigo	<i>As actas escuras</i>	1	347,00	1.442,80 €
A Coruña	<i>As actas escuras</i>	2	203,00	1.432,20 €
Ourense	<i>As actas escuras</i>	2	123,00	1.059,60 €

SALÓN TEATRO

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT./FUN.	FACT./ FUNCIÓN
CDG	<i>As actas escuras</i>	17	152,53	648,00 €
Teatro do Morcego	<i>Saltimbanquis</i>	4	68,50	276,25 €
Teatre Lliure	<i>Après moi, le déluge</i>	2	155,50	889,50 €
Rosalía 21	Homenaxe a Rosalía	1	230,00	[por convite]
Teatro do Atlántico	<i>O xogo de Yalta. Afterplay</i>	4	80,25	514,00 €
Mono	<i>Festival Sinsal</i>	1	269,00	2.024,00 €
Sala Muntaner	<i>Genet-Las Criadas</i>	2	112,50	715,50 €
Linho do Cuco	<i>ST Música Presente</i>	1	88,00	300,00 €
Anxo Lorenzo	<i>ST Música Presente</i>	1	56,00	135,00 €
Emílio Cao	<i>ST Música Presente</i>	1	25,00	55,00 €
Casa de fados	<i>Casa de Fados em concerto</i>	1	263,00	2.078,00 €

TOTAL ACUMULADOS 2007

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
<i>O regreso ao deserto</i> (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
<i>Tarád Chis Pum</i> (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
<i>A Piraqua</i> (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
<i>Vacuo</i> (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS 2008

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	100	10.866	41,23%	46.249,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	16	4.986	68,35%	28.888,20 €
<i>Valdemuller</i> (CDG)	57	7.835	35,04%	14.133,65 €
<i>Estigma</i> (CDG)	26	3.602	30,75%	7.950,80 €
<i>Kiosco das almas perdidas</i> (CCG)	33	7.309	33,88%	33.487,91 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	24	4.091	40,93%	20.003,69 €

TOTAL ACUMULADOS 2009

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	105	14.423	53,73%	70.929,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	18	3.669	81,86%	18.895,00 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	12	2.248	46,81%	5.596,90 €
<i>As Dunas</i> (CDG)	30	4.476	35,83%	24.853,95 €
<i>Giseliña</i> (CCG)	23	6.869	56,04%	14.972,90 €

TOTAL ACUMULADOS 2010

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	35	4.655	49,81%	21.979,00 €
<i>As actas escuras</i> (CDG)	26	4.259	41,27%	21.080,20 €

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIÓNS	ESPECT/ FUNCIÓN	FACT/ FUNCIÓN
Abada Teatro	7	259,86	1.351,43 €
Abrapalabra Creacións Escénicas	6	131,50	462,83 €
Ancora Producións	10	74,30	266,40 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	3	38,33	74,17 €
Berrobambán	6	239,50	493,17 €
Cachirulo	1	162,00	640,00 €
Caramuxo Teatro	16	277,00	516,14 €
Chévere	2	59,00	346,00 €
Cía. Galega de Danza Contemporánea - Ballet Jesús Quiroga	1	396,00	2.242,00 €
Dani García	2	151,50	291,00 €
Dloira	2	108,00	633,00 €
Elefante Elegante Teatro	7	133,57	449,07 €
Espello Cóncavo	2	127,50	383,00 €
Fulano, Mengano e Citano	3	184,67	637,33 €
Galitoon	15	223,27	377,73 €
Ghazafelhos	2	110,50	143,75 €
Grupo de Música Antiga Martín Códax	1	134,00	335,00 €
Katarsis, Educación e Teatro	8	92,13	176,69 €
Kiko Pastur (ilusionista)	2	168,50	371,50 €
La Carreta Teatro	3	238,33	706,00 €
Lagarta Lagarta	7	187,57	720,36 €
Lambríaca Teatro	5	49,40	69,60 €
Mago Marttyn	1	106,00	288,00 €
Malasombra	4	90,75	268,88 €
Matarile Teatro	4	112,50	677,50 €
Miroscopio Perdicións	3	46,00	122,33 €
O Retrete de Dorian Gray	5	71,20	145,60 €
Ónfalo Teatro	3	225,00	1.126,00 €
Pinga Teatro	3	69,00	121,83 €
Pisando Ovos	2	47,50	196,50 €
Producións Acontrabutaca	3	136,33	425,17 €
Producións Teatráis Excéntricas	11	376,18	1.911,60 €
Quinteto de Metais Omega Brass Ensemble	1	128,00	305,00 €
Quique Peon, Cía.	1	73,00	246,00 €

Redrum Teatro	2	136,50	257,50 €
Róber Bodegas	7	465,71	1.961,07 €
Sarabela Teatro	10	194,70	968,70 €
Solpico Cía de Danza S.I	2	100,50	586,50 €
Talia Teatro	15	140,47	475,20 €
Talytakumy	1	92,00	158,50 €
Tanxarina Títeres	4	251,50	563,06 €
Teatro de Ningures	5	109,20	393,27 €
Teatro do Andamio	5	151,60	353,70 €
Teatro do Atlántico	4	248,00	1.995,75 €
Teatro do Morcego	10	186,60	532,00 €
Títeres Trompicallo	8	106,13	228,75 €
Titzina Teatre	2	117,00	526,80 €
Uxia P. Vaello	1	24,00	82,00 €
Viravolta Títeres	7	184,29	303,50 €
Viravolta Títeres	7	184,29	303,50 €

CONCELLOS/ENTIDADES

CONCELLO/ ENTIDADE	Nº FUNCIÓNS	ESPECT/ FUNCIÓN	FACT/ FUNCIÓN
A Coruña. IMCE	21	199,29	949,33 €
A Coruña. Teatro Colón Caixa Galicia	2	831	3.645,00 €
A Estrada	2	45,5	227,50 €
A Rúa	3	80	227,00 €
Ames	9	97,44	216,61 €
Arteixo	7	158,71	364,64 €
As Pontes de García Rodríguez	6	135,33	269,92 €
Boiro	4	134	207,50 €
Burela	3	210	655,67 €
Cambados	4	172,25	211,50 €
Cangas de Morrazo	4	265	748,25 €
Carballo	9	205,67	571,44 €
Cedeira	5	111,6	250,30 €
Cee	5	80	132,50 €
Ferrol	13	79,15	402,08 €
Foz	7	156,86	293,93 €
Gondomar	4	123	382,38 €
Lalín	1	264	783,00 €
Lugo	4	197,5	1.177,25 €
Monforte de Lemos	3	129,33	312,00 €
Muros	6	93,5	243,58 €
Narón	15	277,33	1.470,77 €
Noia	5	144,2	346,60 €
O Barco de Valdeorras	4	104	427,25 €
O Carballiño	3	70,33	193,83 €
Oleiros	4	170,5	550,13 €
Ortigueira	2	138	653,75 €
Ourense. Teatro Principal	5	164,6	1.463,20 €
Ourense. Auditorio Municipal	8	150,38	241,38 €
Pontevedra	24	262,75	449,34 €
Redondela	5	243	663,60 €
Ribadavia	2	124,5	322,25 €
Ribadeo	6	145,67	314,00 €
Sada	3	243	683,67 €
San Sadurniño	3	57	124,33 €
Santiago de Compostela	9	160,67	907,44 €
Sanxenxo	2	107,5	365,75 €
Tui	3	300	841,67 €
Vigo. C.C. Caixanova	2	467,5	3.200,85 €
Vilagarcía de Arousa	3	144	251,33 €
Viveiro	5	124,4	222,40 €

TOTALS RGTA (ATÉ MARZO)

	Funcións	Público	Ocupación	Facturado
2006	156	28.189	46,39%	93.572,60 €
2007	198	25.110	33,61%	78.073,28 €
2008	223	34.206	38,13%	107.561,49 €
2009	219	33.593	36,81%	91.299,00 €
2010	235	41.910	45,41%	142.466,00 €

REXISTRO DE DATOS MARZO 2010 [E_SCENA EN CIFRAS]

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS			
GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
12 Labirinto	1	98	258,00 €
3azoteas	1	47	235,00 €
7 Puertas	2	91	250,00 €
Abril Fado Atlántico	1	54	210,00 €
Aid	1	43	170,00 €
Aló Django	2	61,5	243,50 €
Animales Domesticos	1	15	30,00 €
Austria	1	156	1.092,00 €
Bakin'blues Band	2	27,5	75,00 €
Baldosa Amarilla	2	28,5	104,50 €
Balea's Blues Quintet	1	25	125,00 €
Bastards On Parade	2	46	138,00 €
Belöp	4	48,75	119,50 €
Bruno T. Ford	3	36,67	71,67 €
Capitán Furilo	3	51	125,00 €
Caraba	1	53	153,00 €
Cats And Monkeys	2	41	85,50 €
Coll y Costa (de Los Reyes del Ko)	6	64	256,00 €
Cró!	1	12	60,00 €
Doc Magoo's	1	56	168,00 €
Doctor Gringo	3	45,67	212,67 €
Doctor Snob	2	37,5	112,50 €
Dúo Fdz. & Quintá	1	60	180,00 €
Edu Manazas & Whiskey Tren	4	38,75	152,75 €
Gustavo Almeida & Brazilian Night	1	43	86,00 €
Holywater	3	80,33	297,67 €
Ígloo	6	93,5	320,50 €
Ith	1	97	261,00 €
Jazzeros Inoxidables	1	49	138,00 €
José Córdoba	1	43	129,00 €
Jugoplastika	2	45	169,50 €
Les Trois de Cora	4	31,5	109,75 €
Litanei	2	28	100,50 €
Los Eternos	3	84	269,00 €
Los Mecánicos	5	66,2	175,00 €
Martinez	3	73,33	334,00 €
Maryland	2	54	229,00 €
Mbm	4	50	219,50 €
Mcmanus	2	40	138,00 €
Miguel Costas	6	72,17	290,67 €
Miñor Swing	3	36	129,33 €
Mitocondrias	1	47	141,00 €
Monkillos	3	29	83,00 €
Moon Cresta	3	36	107,33 €
Moonjackets	2	24,5	66,00 €
Nadadora	2	47	230,00 €
Nouvelle Cuisine	1	38	170,00 €
Oh Trío	3	42	158,00 €
Pacífico	1	46	230,00 €
Por Placer	1	42	210,00 €
Portrait	3	82	386,33 €
Recambios Tucho	2	14	66,00 €
Rockers Go To Hell	1	85	219,00 €
Sergio Makaroff	1	72	242,00 €
Som do Galpom	2	64	189,50 €
Stereotipos	1	31	136,00 €

REDE GALEGA DE SALAS

SALA	Nº FUNCIONS	ESPECT/ FUNCION	FACT/ FUNCION
Arteria Noroeste (Santiago)	10	96	328,50 €
Sala Nasa (Santiago)	15	58,47	264,20 €
Sala Santart (Santiago)	6	27,17	119,33 €
Teatro Arte Livre (Vigo)	18	12,06	100,00 €
Teatro del Andamio (A Coruña)	18	41,11	159,56 €
Teatro Ensalle (Vigo)	18	28	192,72 €

TOTAIS RGS (ATÉ MARZO)

	Funcions	Público	Ocupación	Facturado
2007	59	2.208	35,19%	1.199,50 €
2008	39	1.171	52,21%	6.039,00 €
2009	88	2.785	42,09%	11.259,00 €
2010	85	3.461	65,72%	16.105,00 €

Supersándwich	1	35	140,00 €
Telma y Los Luises	2	24	71,00 €
The Cherry Boppers	3	61,67	362,00 €
The Homens	1	92	430,00 €
The Last Minute Experience	2	39	147,00 €
The Soul Jacket	2	99	437,50 €
The Turre's Band	2	45,5	113,50 €
The W.C. García Show	5	19,8	49,00 €
Tiempocuatro	2	60,5	249,50 €
Why Go	1	91	425,00 €
Xan Campos Trío	2	43,5	151,00 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
A Fundación (Melide)	4	25,75	51,50 €
Ache (Marín)	2	37,5	187,50 €
Aturuxo (Bueu)	5	53	303,60 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	5	29,2	90,20 €
Badulake (Ordes)	4	29,5	107,00 €
Bar Liceum (O Porriño)	3	54	160,00 €
Baranda (O Barco de Valdeorras)	3	30,67	92,00 €
Borriquita de Belém (Santiago)	4	44,25	127,50 €
Café-Cultural Roi Xordo (Allariz)	1	56	168,00 €
Casa das Crechas (Santiago)	6	62,67	178,00 €
Clandestino (Nigrán)	3	39,33	129,67 €
Clavicémbalo (Lugo)	5	40,2	158,40 €
Contrabajo (Vigo)	8	32,13	144,63 €
Disco-club Capital (Ourense)	1	47	141,00 €
Doble Moral (Lugo)	4	7	87,50 €
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	2	113	306,00 €
Forum Celticum (Culleredo)	3	64,67	145,00 €
Garufa (A Coruña)	6	53,5	166,83 €
Jazz Filloa (A Coruña)	3	48,33	241,67 €
La Casa de Arriba (Vigo)	7	53	265,00 €
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	4	66	221,25 €
La Galeríajazz (Vigo)	4	23,75	101,25 €
La Iguana Club (Vigo)	10	75,5	320,10 €
Marrucho (Baiona)	2	18	41,50 €
O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	3	46,67	126,67 €
Planeta (Sarria)	3	78	172,00 €
Pub o Muño (Cervo)	3	23,33	69,67 €
Pub d´Antón Rock Café (A Laracha)	4	85,75	228,00 €
Pub Gatos (Melide)	3	91,33	254,00 €
Sala 600 (Melide)	4	67,5	348,00 €
Sala Karma (Pontevedra)	4	106,75	590,00 €
Sala Run Rum (Ferrol)	10	58,7	223,80 €
Salason (Cangas de Morrazo)	2	35,5	132,00 €
Sama Sama (Vilagarcía de Arousa)	3	124,33	361,00 €
Ultramarinos (Santiago)	4	31	78,50 €
Vagalume Café Concerto (Salvaterra de Miño)	2	66,5	199,50 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	3	45	123,00 €

TOTAIS RGMV (ATÉ MARZO)

	Concerto	Público	Ocupación	Facturado
2007	228	11.404	24,07%	27.451,00 €
2008	209	10.895	39,11%	32.642,00 €
2009	220	11.585	42,09%	38.296,00 €
2010	147	7.809	42,81%	28.709,00 €